



Guía Docente						
Datos Identificativos				2021/22		
Asignatura (*)	Historia Económica de España		Código	611G01015		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6		
Idioma	Castelán					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos						
Departamento	Economía					
Coordinación	Vilar Rodriguez, Margarita	Correo electrónico	margarita.vilar.rodriguez@udc.es			
Profesorado	Vilar Rodriguez, Margarita	Correo electrónico	margarita.vilar.rodriguez@udc.es			
Web						
Descripción xeral	<p>O principal obxectivo desta materia consiste en que o alumnado sexa capaz de comprender e analizar a evolución da economía española desde unha perspectiva de longo prazo, o que lle permitirá situar as etapas más representativas do seu desenvolvemento no proceso de converxencia con Europa. Non podemos esquecer que a Historia Económica ofrece ao alumnado os coñecementos sobre a evolución económica en épocas pasadas que lle faciliten a comprensión do mundo actual. O contexto actual no que vivimos (e no que o alumnado vai actuar como economista) é resultado dunha longa evolución, sen cuxa comprensión nos faltarían elementos para unha interpretación correcta dos acontecementos actuais. Nun mundo cada vez más globalizado, o coñecemento da Historia Económica e das súas raíces más profundas ten que formar parte da maleta intelectual dun futuro economista. Doutro lado, o coñecemento e reflexión sobre a evolución económica das sociedades desde unha perspectiva de longo prazo permite introducir ao estudiante nunha temática e razonamentos propios dun economista (o funcionamiento dos mercados, o comportamento dos consumidores e das empresas, os mecanismos de distribución e acumulación, a dinámica do crecemento económico, entre outros) aplicada sobre acontecementos económicos que xa sucederon e que son coñecidos. Deste xeito, a Historia Económica complementa desde o estudo dunha realidade coñecida os modelos teóricos propios da análise económica.</p>					



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías Metodoloxías docentes que se manteñen - Sesión maxistral ? Discusión dirixida ? As prácticas de curso (computan na avaliación) ? Atención personalizada</p> <p>Metodoloxías docentes que se modifican - Non se terá en conta a asistencia obligatoria a clase en ningún dos escenarios posibles (virtual, semipresencial ou presencial).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado - Correo electrónico: Diariamente. De uso para fazer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas ou facer correccións e/ou revisións de prácticas. ? Moodle: Diariamente. Utilizaranse as ferramentas dispoñibles (foros temáticos...) segundo as necesidades do alumnado para resolver dúbidas sobre calquera aspecto da materia. Utilizaranse tamén os foros específicos para as discusións e debates dirixidos. ? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para a exposición dos contidos teóricos na primeira franxa horaria asignada á materia no horario oficial da facultade (primeiro día de clase asignado da semana no calendario): 1 sesión semanal en gran grupo para realizar prácticas tutorizadas sobre o contido teórico na primeira franxa horaria asignada á materia no horario oficial da facultade (segundo día de clase asignado da semana no calendario oficial) De 1 a 2 sesións semanais (segundo demande o alumnado) en grupo pequeno (ata 10 persoas) para o seguimento dos contidos da materia e apoio na realización de prácticas. Esta dinámica permite facer un seguimento máis personalizado e axustado ás necesidades de aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia. Con estas sesións reforzarase tamén a atención aos estudiantes ?non presenciais? ou ?virtuais? que puidese haber mesmo nun escenario de presencialidad, ben porque sexan repetidores e prefiran non asistir de novo ás clases da materia, ben porque teñan dificultades para asistir á docencia presencial debido á situación sanitaria xeral ou particular. A estas titorías engadiríase o tempo das titorías individuais, onde poderían adoptar un papel máis activo.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non haberá cambios na avaliación en calquera dos escenarios previstos (presencial, semi-presencial, virtual). En calquera caso, tanto as probas de prácticas da avaliación continua como o exame final da convocatoria oficial realizaranse a través da plataforma moodle (salvo que chegado o momento, a UDC indique que obligatoriamente se realizarán as convocatorias oficiais de exame de forma presencial). En calquera das dúas modalidades, exame en convocatoria oficial presencial ou virtual ( moodle), o contido, metodoloxía e avaliación serán idénticos.</p> <p>Observacións de avaliación: Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente.</p> <p>No caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DÚAS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3. b e 4.5) (29/5/212)" estableceranse titorías virtuais individualizadas e en horarios flexibles para resolver dúbidas dos contidos teóricos da materia e/ou elaborar exercicios prácticos. Estas titorías servirán para avaliar o seu grao de seguimento da materia e o seu traballo en avaliación continua. En calquera caso, as probas de avaliación para este alumnado serán idénticas que para o resto.</p> <p>Para todo o alumnado e en calquera dos escenarios previstos (presencial, semipresencial ou virtual) os criterios de avaliación serán os seguintes:</p> <p>Primeira oportunidade: Avaliación continua (60%) + Exame final na convocatoria oficial (40%). A avaliación continua</p>
----------------------	--



consistirá na elaboración de dous exercicios prácticos (cada un valorado nun 30% da nota final) que se realizarán a través de ?a entrega de tarefas? de Moodle nas datas indicadas pola profesora o primeiro día de clase e publicadas no calendario de Moodle da materia. A tarefa realizarase de forma manuscrita nunha cara, que se escaneará e enviarase en formato .PDF nun arquivo identificado con apelidos do/ da estudiante. A matriz de avaliación destas prácticas baseadas na análise de series históricas basearase nos seguintes \*Ítems (cada un puntúase cun 20% máx.): 1. Sitúa a análise no marco económico e histórico; 2. Entende os datos ofrecidos desde un punto de vista económico; 3. Identifica o problema ou cuestión a analizar; 4. Constrúe argumentos económicos para explicar o comportamento dos datos; 5. Emprega a linguaxe económica de maneira correcta.

O exame final consistirá nunha reflexión crítica nunha cara manuscrita, escaneada e subida nun arquivo formato .PDF (identificado con apelidos do autor/a) a través de moodle sobre un aspecto proposto do contido teórico da materia. Na realización deste ejercicio valoraranse principalmente os seguintes ítems: a utilización da linguaxe económica adecuada, a elaboración de argumentos económicos razonados e expostos de maneira clara e a análise crítica. Para superar a materia o alumnado terá que conseguir 5 puntos dos 10 posibles. Pódese dar o caso de que un/unha estudiante aprobe a materia só coas probas de avaliación continua. Neste caso non estaría obrigado/á asistir ao exame final.

Primeira oportunidade: As porcentaxes de avaliación serán os mesmos que na primeira oportunidade, pero nesta segunda oportunidade garantirse que o alumnado poida superar a materia do modo seguinte: Avaliación continua realizada durante o curso (60%) -coa particularidade de poder repetir actividades de avaliación continua polo 30% da nota final- + Exame final na convocatoria oficial (40%). Deste xeito, o alumnado que non superou a materia en primeira oportunidade pode de maneira voluntaria realizar un exercicio práctico (de formato similar ás probas realizadas na avaliación continua do curso) o día da convocatoria oficial do exame e tras a realización do exame final (todo realizado a través de moodle). A nota alcanzada nesta práctica voluntaria substituirá (en todo caso) á nota máis baixa dunha das dúas probas de avaliación continua realizadas ao longo do curso. Baixo este escenario o estudiante pode alcanzar o 70% da nota final (30% da repetición da práctica + 40% do exame final) sen participar no seguimento do curso.

## 5. Modificacíons da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. Xa disponen de todos os materiais de traballo dá maneira dixitalizada en Moodle.



Código	Competencias / Resultados do título		
	Competencias / Resultados do título		
Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer e entender a realidade económica internacional e española, as súas transformacións no longo prazo, os sectores produtivos, e as institucións económicas e a súa evolución	A5 A11		C2 C8
Asimilar que as realidades económicas son complexas, interrelacionadas con variables sociais, políticas e culturais, e inmersas nun contexto dinámico	A4		
Apreciar o papel desempeñado polos factores económicos e os factores institucionais nos procesos de desenvolvemento económico	A3 A4		
Análise das variábeis que determinaron o liderado occidental no proceso de crecimiento económico contemporáneo	A4 A7		
Axudar a entender as orixes e persistencia das desigualdades socioeconómicas entre países	A6 A7		C5 C8
Aplicar conceptos básicos da economía a diferentes contextos históricos	A3 A7		
Coñecer as distintas formacións económicas xurdidas na evolución histórica recente, e os factores que condicionaron as súas formas de crecemento	A4		C2
Potenciar o emprego de técnicas e instrumentos cuantitativos básicos que impliquen o uso de material estatístico e gráfico	A10 A12		
Capacidade analítica e sintética	A9		
Capacidade crítica e autocritica	A13		C4
Capacidade de expresión, oral e escrita			C1
Reforzar a capacidade de comprensión lectora	A7 A10		
Elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas	A4 A5		
Resolver problemas sobre as cuestións económicas, facendo uso dos coñecementos sobre as teorías, os modelos e os métodos científicos da economía e a empresa	A3		
Capacidade de percura, selección e elaboración de información	A2 A7		
Capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación do material estatístico, gráfico e documental	A3 A7		
Destreza na aplicación de técnicas cuantitativas para o tratamiento de repertorios estatísticos	A3 A4		
Capacidade para o traballo autónomo			C7 C8
Capacidade de aplicar o coñecemento na práctica	A6 A12		
Analizar e interpretar datos básicos da conjuntura económica	A4 A12		
A materia aporta valores humanísticos e culturais importantes para desenvolver o liderado en empresas e Administración pública ao que están chamados os futuros Graduados en Economía			C7 C8
Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.	A8		



- Que os estudantes demostrén posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que soe encontrar nun nivel que, ainda que se apoia en libros de texto avanzados, inclue tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.	B1
- Que os estudantes saibán aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da su entorna de traballo.	B2
- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da su área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética	B3
- Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado	B4
- Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía	B5
- Que os estudantes formados se convertan en profesionais capaces de analizar, reflexionar e intervir sobre os diferentes elementos que constitúen un sistema económico	B6
- Que os estudantes coñezan o funcionamento e as consecuencias dos sistemas económicos, as distintas alternativas de asignación de recursos, acumulación de riqueza e distribución da renda e esteán en condicións de contribuír ao seu bo funcionamento e mellora	B7
Que os estudantes sexan capaces de identificar e anticipar os problemas económicos relevantes, identificar alternativas de resolución, seleccionar as más axeitadas e avaliar os resultados aos que conduce.	B8
- Que os estudantes respecten os dereitos fundamentais e de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.	B9
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.	C6

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A evolución da economía española no longo prazo, 1789-2019	1.1. As grandes etapas da economía española desde a historia económica 1.2. Indicadores de desenvolvemento económico: unha panorámica cuantitativa 1.3. Converxencia e diverxencia respecto de Europa occidental 1.4. A crise económica en España: Leccións desde a Historia.
Tema 2. A crise do Antigo Régime e a revolución Liberal (1789-1840)	2.1. A revolución liberal en España: novo marco xurídico e institucional 2.2. A Reforma Agraria Liberal 2.3. O colapso do comercio colonial 2.4. A quebra da Facenda e o establecemento da Facenda Pública liberal 2.5. A economía española durante ou o Antigo Régime
Tema 3. O difícil arranque da industrialización (1840-1880)	3.1. Ritmos de crecemento e pautas de transformación estrutural 3.2. A expansión agraria e os seus límites 3.3. Letargo e esplendor da minería e déficit enerxético 3.4. Desenvolvemento industrial endóxeno e limitado 3.5. Creación e crise da banca moderna
Tema 4. Crise e recuperación económica (1880-1913)	4.1. A integración dos mercados mundiais de produtos agrarios: A depresión finisecular 4.2. A lenta continuidade da industrialización 4.3. A perda dos últimos mercados coloniais e a Facenda pública 4.4. O auxe intersecular. A formación da gran empresa moderna e o arranque da Segunda Revolución Industrial



Tema 5. A economía española entre a I Guerra Mundial e a Guerra civil (1914-1936)	5.1. A concxuntura da I Guerra mundial (1914-1922) 5.2. Crecemento e cambios estruturais durante a Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) 5.3. A economía española durante a Segunda República e a Gran Depresión (1931-1936)
Tema 6. A Guerra civil e a ditadura franquista ata o Plan de Estabilización (1936-1959)	6.1. La guerra civil española: economía de guerra 6.2. El primer franquismo: intervención de los mercados y políticas autárquicas (1939-1949) 6.3. El segundo franquismo: la transformación de los planteamientos iniciales (1949-1959) 6.4. El Plan de Estabilización
Tema 7. ?Desenvolvismo?, crise económica e transición política (1960-1985)	7.1. Industrialización acelerada: crecimiento económico e cambio estructural (1960-1972) 7.2. Problemas estruturais do modelo de crecimiento a longo prazo 7.3. Crise económica e transición política (1973-1985)
Tema 8. A economía española, o seu proceso de integración en Europa e a primeira crise do século XXI (1986-2019)	8.1. Recuperación económica e as etapas de integración en Europa (1986-2007) 8.2. Recesión, crise e depresión (2008-2019) 8.3. Converxeu a economía española respecto das economías más avanzadas no longo prazo?

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A2 C7 C8	2	0	2
Estudo de casos	A3 A4 A5 A6 A7 A9 A12 B3 B6 B7 B8 C6	17	18	35
Lecturas	A7 A10 A11 A13 C2 C5	9	27	36
Proba de ensaio	A3 A6 A9 A12 C1	3	0	3
Sesión maxistral	A2 A4 A7 A8 C4	17	51	68
Proba obxectiva	A4 A6 A9 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C6	2	0	2
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Planificación do curso, explicación de conceptos básicos e presentación das metodoloxías a aplicar
Estudo de casos	Inclúen prácticas a partir da análise desde unha perspectiva de historia económica de textos e datos estatísticos relacionados coa economía española nos séculos XIX e XX
Lecturas	Haberá varias lecturas de carácter obligatorio cuxo contido se discutirá en clase. Estes contidos servirán como complemento das clases maxistrais e como material para realizar estudos de caso e análise de datos



Proba de ensaio	A avaliación continua consistirá na elaboración de dous exercicios prácticos (cada un valorado nun 30% da nota final) que se realizarán a través de ?a entrega de tarefas? de Moodle nas datas indicadas pola profesora o primeiro día de clase e publicadas no calendario de Moodle da materia. Os exercicios propostos computarán globalmente cun máximo de 6 puntos na nota final. As datas de realización das dúas probas comunicarase ao alumnado o primeiro día de curso e engadirase ao calendario de moodle da materia. Cada práctica realizarase na data e hora fixada de forma manuscrita nunha cara. Dependendo das circunstancias da pandemia, se realizará de forma presencial ou se escaneará e enviara en formato .PDF, nun arquivo identificado con apelidos do/da estudiante, a través de "entrega de tarefas de moodle". Os detalles de estas probas se especificarán no inicio do curso no campus virtual. Cada unha destas probas consistirá nunha análise de datos históricos (cadros e/ou gráficos) da economía española. A partir destes datos os/as estudiantes terán que realizar un diagnóstico económico da situación e elaborar argumentos razoados que expliquen os porqués no comportamento dos datos. A matriz de avaliação destas prácticas basearase nos seguintes ítems (cada un puntuase cun 20% máx.): 1. Sitúa a análise no marco económico e histórico; 2. Entende os datos ofrecidos desde un punto de vista económico; 3. Identifica o problema ou cuestión a analizar; 4. Constrúe argumentos económicos para explicar o comportamento dos datos; 5. Emprega a linguaxe económica de maneira correcta
Sesión maxistral	Nas sesións maxistrais a profesora impartirá as pautas clave da materia que o estudiante debe coñecer e preparar co seu traballo individual e en grupo utilizando o resto de instrumentos que ofrece o curso (inclúe as lecturas obligatorias). Ao comezo de cada tema colgaranse en moodle materiais que axudarán o marco económico xeneral que se vai a analizar e os principais obxectivos a conseguir en forma de preguntas. Será responsabilidade do estudiante consultar estos materiais segundo se vaia indicando no desenvolvemento do curso. As explicacións teóricas de cada tema serán completadas coa realización de exercicios prácticos e estudos de caso. Estes exercicios colgaranse tamén no moodle da materia e elaboraranse, discutirán e corrixirán en común.
Proba obxectiva	Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais cun valor de 4 puntos na nota final (40% da nota final). O exame final consistirá nunha reflexión crítica nun máximo de duas caras dun folio manuscrito. Dependendo das circunstancias da pandemia, o exame realizarase de manera presencial ou a través da plataforma do campus virtual. O exame versará sobre os contidos teóricos da materia explicados ao longo do curso. Na realización deste exorcicio valoraranse principalmente os seguintes ítems: a utilización da linguaxe económica adecuada, a elaboración de argumentos económicos razoados e expostos de maneira clara e a análise crítica. Ademais, o alumnado terá a oportunidade (carácter voluntario) de facer una proba práctica similar as realizadas ao longo do curso. Se decide facer esta proba, a nota conseguida (sexía masi elevada ou non) sustituirá á nota mais baixa das dúas probas realizadas no curso. Desta maneira o alumnado ten a oportunidade de obter un máximo de 7 sobre 10 puntos na proba final (examen + proba voluntaria).

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
--------------	-------------



Estudo de casos Lecturas Sesión maxistral	Tanto as titorías individuais como as titorías en grupos reducidos realizaranse durante o curso académico 2020/2021 na forma que estableza a Universidade, presencial ou virtual, segundo o contexto de pandemia.  En calquera caso, o alumnado ten á súa disposición os seguintes medios:  - Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbihdas ou facer correccións e/ou revisións de prácticas. A través do correo electrónico poderase concertar tamén unha titoría personalizada ou en pequeno grupo a través de TEAMS  ? Moodle: Diariamente. Utilizaranse as ferramentas dispoñibles (foros temáticos...) segundo as necesidades do alumnado para resolver dúbihdas sobre calquera aspecto da materia. Utilizaranse tamén os foros específicos para as discusións e debates dirixidos.  ? Teams: De 1 a 2 sesións semanais (segundo demande o alumnado) en grupo pequeno (ata 10 persoas) para o seguimento dos contidos da materia e apoio na realización de prácticas. Esta dinámica permite facer un seguimento más personalizado e axustado ás necesidades de aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia. Con estas sesións reforzarase tamén a atención aos estudiantes ?non presenciais? ou ?virtuais? que puidese haber mesmo nun escenario de presencialidad, ben porque sexan repetidores e prefiran non asistir de novo ás clases da materia, ben porque teñan dificultades para asistir á docencia presencial debido á situación sanitaria xeral ou particular. A estas titorías engadiríase o tempo das titorías individuais, onde poderían adoptar un papel más activo.
---	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Estudo de casos	A3 A4 A5 A6 A7 A9 A12 B3 B6 B7 B8 C6	Inclúen as prácticas con material cuantitativo. Refírese ás análises de datos estatísticos dende unha perspectiva de longo prazo. Os estudos de caso avaliaranse a través das dúas probas de ensaio/desenvolvemento	0
Lecturas	A7 A10 A11 A13 C2 C5	Representan unha información complementaria ás clases maxistrais. En clase traballaranse as técnicas para extraer a información fundamental das lecturas e discutirse o seu contido en clase. O contido das lecturas servirá como materia complementaria á impartida nas clases maxistrais. Así mesmo, o contido das lecturas servirá tamén para elaborar os estudos de caso. En consecuencia, a súa avaliação realizarase conjuntamente cos estudos de caso a través das dúas probas de ensaio/desenvolvemento	0



Proba obxectiva	A4 A6 A9 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C6	<p>Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais establecidas. No exame valorarase a capacidade de expresión, o manexo e dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e o coñecemento dos contidos do programa da materia.</p> <p>O exame final representa o 40% da avaliación final do estudiante que se sumaría ao 60% da avaliación continua obtida polos/as estudiantes. O exame final non é obligatorio na primeira oportunidade para os/as estudiantes que obtivesen unha nota mínima de 5 na avaliación continua, o que supón superar a materia.</p> <p>En segunda oportunidade garántese que o/a estudiante poida superar a materia coa oportunidade de realizar unha práctica (similar ás do curso) por valor do 30% da nota. Deste xeito, sen avaliación previa, o/a estudiante pode conseguir 7 puntos sobre 10 posibles. Para detalles, véxase apartado de "proba de ensaio".</p> <p>En calquera dos escenarios descritos, o/a estudiante terá que conseguir un mínimo de 5 puntos sobre os 10 para superar a materia.</p>	40
Sesión maxistral	A2 A4 A7 A8 C4	Nestas sesións o profesor impartirá as pautas clave da materia que os estudiantes deben coñecer e preparar con traballo persoal e coa axuda do resto de instrumentos que ofrece o curso. A avaliación desta materia producirase a través da proba obxectiva na convocatoria oficial e dos estudos de caso	0
Proba de ensaio	A3 A6 A9 A12 C1	<p>Inclúen as prácticas con material cuantitativo (estudos de caso e Lecturas). Ao comezo do curso, a profesora establecerá dúas datas para realizar dúas probas availables e computables na nota final. As datas publicaranse no calendario de moodle da materia. En conxunto, as dúas probas availables contarán un máximo de 6 puntos na nota final de curso.</p> <p>O alumnado que superase a avaliación continua cunha nota mínima de 5 puntos poderá ter superada a materia sen asistir ao exame final. De forma voluntaria pode asistir ao exame final da primeira oportunidade para subir nota.</p> <p>No caso da segunda oportunidade, os/as estudiantes poden decidir de forma voluntaria realizar unha práctica (similar ás realizadas durante o curso) que se puntuará cun máximo de 3 puntos. Neste caso, para o cómputo da nota final do alumno/a se elixirán a nota desta repetición de proba (sexá mais alta ou non que as obtidas nas probas de curso) e a nota mais alta das dúas prácticas realizadas ao longo do curso. Por tanto, a repetición da proba práctica (sexá cal sexa) sustituiría á nota mais baixa das duas prácticas do curso. Recórdase que a terceira práctica posible realizaríase na data do exame oficial da segunda oportunidade, unha vez rematado o exame</p>	60

## Observacións avaliación



## A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN

1. Condicions de avaliación: Está prohibido acceder á aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información. 2. Identificación do estudiante: O estudiante ha de acreditar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

B) TIPOS DE CUALIFICACIÓN: 1. Cualificación de non presentado: Corresponde ao alumno, cando só participe en actividades de avaliação que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación alcanzada. 2. Estudiantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Excepto para as datas aprobadas na Xunta de Facultade para a proba obxectiva final, para as restantes probas acordarase ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación.

C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN: 1. Primeira oportunidade: aplicaranse os criterios de avaliação anteriormente indicados nesta sección. 2. Segunda oportunidade: aplicaranse os criterios de avaliação anteriormente indicados nesta sección. 3. Convocatoria adiantada: na convocatoria adiantada é posible recuperar os puntos da avaliação continua (solución de problemas, probas de resposta breve, intervencións durante as sesións maxistrais) mediante preguntas adicionais á proba obxectiva final.

D) OUTRAS OBSERVACIÓNNS  
Tal e como se describiu nos apartados anteriores, inicialmente a docencia está prevista de forma presencial. Con todo, prevíuse que tanto as probas de prácticas da avaliação continua como o exame final da convocatoria oficial poidan realizarse de manera presencial ou virtual dependendo das circunstancias da pandemia e das recomendacións da Universidade. En calquera dos casos, o contido da materia, a metodoloxía e a avaliação serán idénticos coa única condición de que as clases se pasarán á plataforma virtual TEAMS.

## Fontes de información

Bibliografía básica	BIBLIOGRAFÍA básicaCarreras, A. y Tafunell, X. (coord.) (2005), Estadísticas históricas de España siglos XIX-XX, Madrid : Fundación BBVA Carreras, A. y X. Tafunell (2010), Historia económica de la España contemporánea (1789-2009) , Barcelona, Crítica Comín, F. y M. Hernández (ed.) (2013): Crisis Económicas en España 1300-2012. Lecciones de la Historia, Madrid, Alianza Comín, F.; M. Hernández y E. Llopis (Eds.) (2010), Historia económica de España, siglos X-XX , Barcelona, Crítica. Llopis, Enrique &nbsp;(ed.) (2004), El legado económico del Antiguo Régimen , Barcelona, Crítica Llopis, Enrique &nbsp;y Jordi Maluquer de Motes, (eds.) (2013), España en crisis: las grandes depresiones económicas, 1348-2012 , Barcelona, Pasado &nbsp; y presente Maluquer de Motes, Jordi (2014): La economía española en perspectiva histórica, Barcelona, Pasado&nbsp; y Presente.A través de Moodle facilitarase ao alumnado materiales, tanto lecturas obligatorias como boletins estadísticos para realizar prácticas, para completar os contidos e as prácticas do curso.
Bibliografía complementaria	

## Recomendacións

## Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia Económica/611G01002

Estatística I/611G01006

## Materias que se recomienda cursar simultaneamente

## Materias que continúan o temario

## Observacións



1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informáticob. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade e nos comportamentos persoais e profesionais.3. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.5. Non existe un único manual que cubra toda a materia impartida ao longo de curso nesta materia. A profesora indicará en cada tema cales son as lecturas obligatorias e outras lecturas recomendadas coas que o alumnado deberá completar a materia explicada en clase.&nbsp;6. É obligación do alumnado consultar a diario o moodle da materia e o seu correo electrónico @ udc.es; pois será a vía que a profesora utilizará para colgar información sobre todos os aspectos relacionados coa materia. Para dirixirse á profesora por correo electrónico debe utilizar a dirección institucional @ udc.es&nbsp;6. A materia non esixe requisitos previos. Con todo, se considerán como recomendables: - Coñecementos básicos de informática a nivel de usuario. Coñecementos básicos de Historia e Estatística. Familiaridade con conceptos básicos de Economía e, sobre todo, linguaxe económica.&nbsp;

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías